

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

12780 REAL DECRETO 724/2003, do 13 de xuño, polo que se regulan as organizacións de produtores da pesca e da acuicultura e as súas asociacións. («BOE» 153, do 27-6-2003.)

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, expón os seus fins no artigo 3, entre os cales se atopa o fomento do asociacionismo pesqueiro. Así mesmo, o artigo 41 da citada lei dispón que a política de ordenación do sector pesqueiro se realizará a través de diferentes instrumentos, entre outros, a adopción de medidas de fomento e regulación das entidades asociativas do sector.

Así pois, a citada Lei 3/2001 regula no capítulo II do seu título II as organizacións de produtores do sector pesqueiro, as súas funcións, as condicións para o seu recoñecemento, así como a Administración pública competente para outorga-lo dito recoñecemento.

Así mesmo, tamén lles é de aplicación ás organizacións de produtores diversa normativa comunitaria, como o Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura; os regulamentos (CE) n.º 2318/2001 da Comisión, do 29 de novembro de 2001, e n.º 1924/2000 da Comisión, do 11 de setembro de 2000, que establecen, respectivamente, o procedemento que hai que seguir para o recoñecemento das organizacións de produtores e do seu recoñecemento específico; o Regulamento (CE) n.º 2508/2000 da Comisión, do 15 de novembro de 2000, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello no que se refire ós programas operativos no sector pesqueiro, e o Regulamento (CE) n.º 1886/2000 da Comisión, do 6 de setembro de 2000, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello no relativo ós non membros de determinadas normas adoptadas por organizacións de produtores no sector da pesca.

Por outra parte, hai que ter en conta, pola súa relación coas funcións das organizacións de produtores, o Regulamento (CE) n.º 2406/96 do Consello, do 26 de novembro de 1996, polo que se establecen normas comúns de comercialización para determinados produtos pesqueiros.

A normativa comunitaria citada contén o conxunto de disposicións precisas para a aplicación en tódolos estados membros das normas referentes ó réxime de actuación e funcionamento das organizacións de produtores da pesca e da acuicultura, os medios, cometidos, obrigas e facultades daquelas, así como as condicións para o outorgamento dos tipos de recoñecemento.

Non obstante, a normativa comunitaria permítelles ós estados membros a elección de determinados criterios de aplicación, polo que este real decreto establece a normativa básica que regula aqueles aspectos necesarios para a súa aplicación uniforme en todo o territorio nacional.

Así mesmo, faise necesario determina-la autoridade competente para o recoñecemento das organizacións de produtores no territorio nacional, en desenvolvemento e aplicación do disposto no artigo 55 da Lei 3/2001.

Este real decreto dítase en virtude da facultade conferida ó Goberno pola disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de xuño de 2003,

DISPÕO:

Artigo 1. Recoñecemento da organización de produtores pesqueiros.

1. Poderá ser recoñecida como organización de produtores pesqueiros toda persoa xurídica que cumpra os requisitos e condicións do artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, teña a súa sede no territorio nacional e exerza unha actividade económica suficiente.

2. Considerarase que a organización exerce unha actividade económica suficiente cando cumpra o disposto no artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 2318/2001 da Comisión, do 29 de novembro de 2001, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello, no referente ó recoñecemento das organizacións de produtores no sector da pesca e da acuicultura, sempre que:

a) A dita actividade económica sexa desenvolvida pola organización nunha zona suficientemente importante, entendendo por tal, ben o ámbito territorial dunha comunidade autónoma, ben o territorio nacional.

b) O seu volume de comercialización para cada especie ou grupos de especies para os que solicita o recoñecemento alcance as seguintes porcentaxes:

1.º Se a súa actividade é a pesca extractiva, o 30 por cento en peso da produción da comunidade autónoma na que realiza a súa actividade económica, ou o 15 por cento da produción nacional, cando a súa actividade económica comprenda todo o territorio nacional.

2.º Se a súa actividade é a produción acuícola ou de marisqueo, un 40 por cento da produción total da comunidade autónoma na que realiza a súa actividade, ou o 25 por cento da produción total nacional cando a súa actividade económica comprenda todo o territorio nacional.

2. Así mesmo, considerarase suficiente a actividade económica dunha organización de produtores no suposto previsto no artigo 1.3 do Regulamento (CE) n.º 2318/2001.

Artigo 2. Recoñecemento específico para a mellora da calidade.

1. Poderáselles conceder un recoñecemento específico ás organizacións de produtores a que se refire o artigo 12.1 do Regulamento (CE) n.º 104/2000 que presenten un plan de mellora da calidade dos seus produtos, que deberá ser aprobado polo órgano competente para outorga-lo recoñecemento.

2. O recoñecemento específico outorgarase de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1924/2000 da Comisión, do 11 de setembro de

2000, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 104/2000 relativas á concesión do recoñecemento específico ás organizacións de produtores do sector pesqueiro co fin de mellora-la calidade dos seus produtos.

3. Cando corresponda o recoñecemento ás comunidades autónomas, estas remitiranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o plan de mellora da calidade nun prazo de 15 días para a súa tramitación ante a Comisión da Unión Europea, de conformidade co disposto nos regulamentos citados nos puntos anteriores.

Artigo 3. *Recoñecemento exclusivo para a extensión das normas.*

1. De conformidade co previsto no artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 104/2000, o órgano competente poderá conceder-lle recoñecemento exclusivo a unha organización de produtores para a zona onde desenvolva a súa actividade económica, conforme o disposto no artigo 1.2.a) deste real decreto, cando a dita organización sexa considerada suficientemente representativa na dita zona de acordo cos criterios establecidos no artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 1886/2000 da Comisión, do 6 de setembro de 2000.

2. As comunidades autónomas, unha vez concedido o carácter exclusivo, deberánllo comunicar ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nun prazo de 15 días, para a súa tramitación ante a Comisión da Unión Europea.

Artigo 4. *Recoñecemento dunha asociación de organizacións de produtores pesqueiros.*

Poderá ser recoñecida como asociación de organizacións de produtores pesqueiros calquera agrupación de tales organizacións, constituída por iniciativa destas, cando reúna os requisitos establecidos no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 104/2000 e cumpra as seguintes condicións:

a) Agrupar un mínimo de dúas organizacións de produtores recoñecidas nun mesmo sector de actividade determinado. Para tal efecto, entenderase por sector de actividade cada un dos seguintes segmentos de pesca:

- 1.º Pesca de altura e grande altura.
- 2.º Pesca costeira e litoral.
- 3.º Acuicultura mariña e continental.
- 4.º Acuicultura de crustáceos e moluscos.
- 5.º Marisqueo.
- 6.º Outras pesqueiras.

b) Que o valor da produción comercializada pola asociación represente, no sector de actividade de que se trate, polo menos o 20 por cento do valor da produción nacional.

Artigo 5. *Órgano competente para o recoñecemento oficial das organizacións de produtores e as súas asociacións.*

1. O recoñecemento oficial dunha organización de produtores, o seu recoñecemento exclusivo ou específico, así como a modificación e retirada deste, correspóndelles ós órganos competentes das comunidades autónomas cando se trate de organizacións de produtores que obteñan o 95 por cento ou máis da súa produción no seu ámbito territorial e, polo menos, o 80

por cento desta sexa obtido por unidades de produción radicadas nesa comunidade autónoma.

2. Nos demais supostos, o recoñecemento oficial correspóndelle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. O recoñecemento oficial dunha asociación de organizacións de produtores pesqueiros e a súa retirada ou modificación correspóndelle á comunidade autónoma en que radique o 95 por cento das organizacións asociadas. Nos demais casos ou no suposto de que sexa membro unha organización de produtores pesqueiros de ámbito nacional, correspóndelle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

4. O recoñecemento oficial das organizacións de produtores e as asociacións será retirado polo mesmo órgano que o outorgou cando aquelas deixen de cumprir os requisitos que determinaron o seu outorgamento ou incumplan o establecido en canto ó seu funcionamento. O órgano competente notificaralle á organización a súa intención de lle retirar-lle recoñecemento e os motivos desta, para efectos de que poida presenta-las súas observacións no prazo de 15 días.

Artigo 6. *Solicitudes.*

1. As solicitudes para o recoñecemento como organización de produtores ou como asociación destas dirixiranse ó órgano competente da comunidade autónoma ou do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, segundo corresponda, indicando expresamente o domicilio social, os números de teléfono e de fax, así como o enderezo do correo electrónico, se é o caso.

As solicitudes de recoñecemento como organización de produtores deberán ir acompañadas da información establecida no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 2318/2001 e da seguinte documentación:

- a) Documento que acredite, de forma que faga fe, a constitución voluntaria e a súa capacidade xurídica.
- b) Relación de membros e de barcos ou instalacións acuícolas que pertencen á organización.
- c) Producción dos tres últimos anos da totalidade dos membros, de cada especie ou grupo de especies para os que se solicita o recoñecemento.

2. As organizacións que desexen obte-lo recoñecemento específico deberán achegar ademais a documentación que se relaciona no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1924/2000.

3. As solicitudes de recoñecemento dunha asociación de organizacións de produtores deberán ir acompañadas da seguinte documentación, ademais da esixida polo artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 2318/2001:

- a) Documento que acredite a constitución voluntaria e a súa capacidade xurídica.
- b) Relación de organizacións de produtores pesqueiros asociadas e buques ou instalacións acuícolas pertencentes a cada unha das organizacións asociadas.
- c) Producción das organizacións de produtores pesqueiros asociadas dos tres últimos anos, de cada especie ou grupo de especies para os que se solicita o recoñecemento.

Artigo 7. *Praza para resolver.*

1. De conformidade co disposto no artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 104/2000, as solicitudes de recoñecemento deberán ser resoltas dentro dos tres meses seguintes a partir do día en que tivesen entrada no rexis-

tro do órgano competente para resolver toda a documentación necesaria.

2. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución expresa, poderá entenderse estimada a solicitude.

Artigo 8. *Obrigas das organizacións de produtores pesqueiros.*

As organizacións de produtores pesqueiros están obrigadas a:

- a) Facer constar por escrito as normas que adopten.
- b) Velar polo cumprimento por parte dos produtores asociados das normas escritas estatutariamente adoptadas en materia de explotación das pesqueiras, produción e comercialización de produtos pesqueiros.
- c) Comercializar toda a produción dos seus membros, salvo nos supostos previstos nos puntos 2 e 3 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 2318/2001.
- d) Comunicarlle ó órgano competente, ó inicio de cada campaña de pesca, o nome da persoa ou persoas que actuarán como expertos designados pola organización de produtores en cumprimento do disposto no artigo 12.1 do Regulamento (CE) n.º 2406/96 do Consello, do 26 de novembro de 1996, polo que se establecen normas comúns de comercialización para determinados produtos pesqueiros.
- e) Esixir que os buques ou instalacións acuícolas dos seus membros non pertencan a outra organización de produtores pesqueiros, por produto ou grupo de produtos para os cales se asociaron.
- f) Remitir mensualmente ó órgano competente a produción comercializada desagregada por especies e o seu prezo medio en primeira venda.
- g) Elaborar, se é o caso, un programa operativo de campaña de acordo co establecido no artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 104/2000 e na normativa de desenvolvemento.
- h) Facilita-lo labor de inspección e subministra-la documentación e información que se precise por requirimento da administración competente.
- i) Imporlles ós seus membros a obriga de permanecer tres anos na organización desde a data do seu recoñecemento, así como comunica-la súa intención de renunciar á súa calidade de membro como mínimo un ano antes da súa renuncia.
- j) Calquera outra obriga que se estableza regulamentariamente.

Artigo 9. *Obrigas das asociacións.*

As asociacións de organizacións de produtores pesqueiros terán as seguintes obrigas:

- a) Coordina-las decisións dos seus membros á hora de establece-las normas comúns de comercialización dos seus produtos.
- b) Facer constar por escrito as normas adoptadas pola asociación.
- c) Velar por que os seus membros cumpran as normas adoptadas.
- d) Comprobar que os seus membros pertencan a unha soa asociación.
- e) Facilita-lo labor de inspección, subministra-la documentación e información que calquera administración pública competente lle requira.

Artigo 10. *Extensión de normas.*

1. De conformidade co establecido no artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 104/2000, as organizacións de produtores representativas da produción e comercialización nun ou varios lugares de desembarque poderán solicitarlle ó órgano competente facer obrigatorias para os non membros que comercialicen no interior do ámbito territorial da súa representatividade:

- a) As normas de produción e comercialización decididas pola organización, que conteñan os aspectos establecidos no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1886/2000.
 - b) As normas adoptadas pola organización para regula-la retirada e transferencia dos produtos frescos ou refrixerados enumerados no artigo 1, definicións a) e c), do Regulamento (CE) n.º 104/2000.
2. Para efectos do establecido no punto anterior, a organización de produtores representativa dirixirá a súa solicitude ó órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
- a) Acta do acordo da organización na que conste a decisión de solicita-la extensión de normas.
 - b) Nome e enderezo da organización de produtores.
 - c) Documentación que acredite a representatividade da organización.
 - d) Contido das normas que se pretenden estender.
 - e) Memoria xustificativa e económica da extensión.
 - f) Zona xeográfica á que se estenderá a aplicación das normas.
 - g) Data de entrada en vigor e período de vixencia das normas.

Artigo 11. *Programa operativo de campaña de pesca.*

1. De conformidade co disposto no Regulamento (CE) n.º 104/2000, a organización de produtores deberá elaborar, se é o caso, a partir do primeiro ano do seu recoñecemento, o programa operativo de campaña de pesca a que se refire o artigo 9 do citado regulamento.

2. O dito programa operativo deberá ser aprobado polo órgano competente para o seu recoñecemento. No suposto de que corresponda a súa aprobación ós órganos competentes da comunidade autónoma, estes, unha vez aprobado o dito programa operativo, deberánlo comunicar ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nun prazo máximo de 15 días.

3. No suposto de organizacións recoñecidas por unha comunidade autónoma, o plan de capturas comprendido dentro do programa operativo deberá contar co informe favorable do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cando as ditas capturas se vaian realizar en augas exteriores.

Artigo 12. *Rexistro xeral de organizacións de produtores e as súas asociacións.*

1. As organizacións de produtores da pesca e a acuicultura e as súas asociacións estarán inscritas no rexistro xeral da Dirección Xeral de Estructuras e Mercados Pesqueiros.

2. Para efectos do disposto no punto anterior, as comunidades autónomas comunicaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as resolucións favorables ó recoñecemento, as modificacións e as de reti-

rada daquel, no prazo dun mes contado desde a data das ditas resolucións.

Artigo 13. *Infraccións e sancións.*

O incumprimento do disposto neste real decreto será sancionado de conformidade co establecido no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, o Regulamento (CE) n.º 104/2000 e os regulamentos que o desenvolven.

Disposición transitoria única. *Expedientes en tramitación.*

Os expedientes de recoñecemento iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto continuarán a súa tramitación de acordo coa normativa vixente no momento de presentación da solicitude.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1429/1992, do 27 de novembro, polo que se regulan as organizacións de produtores da pesca e as súas asociacións.

Disposición derradeira primeira. *Carácter de normativa básica.*

O establecido neste real decreto constitúe normativa básica de ordenación do sector pesqueiro dictada ó abeiro do establecido no artigo 149.1.19.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

12781 *ORDE APA/1708/2003, do 24 de xuño, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros. («BOE» 153, do 27-6-2003.)*

O Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros incorporou ó ordenamen-

to xurídico interno a Directiva 77/93/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1976, relativa ás medidas de protección contra a introducción na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, codificada pola Directiva 2000/29/CE do Consello do 8 de maio de 2000 con idéntico título que a anterior, e a Directiva 92/76/CEE da Comisión, do 6 de outubro de 1992, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos, substituída pola Directiva 2001/32/CE da Comisión, do 8 de maio de 2001, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios e se derroga a Directiva 92/76/CEE.

Non obstante, estas directivas sufriron diversas modificacións que foron incorporadas ó noso ordenamento xurídico mediante as correspondentes ordes ministeriais, a última das cales foi a Orde APA/1145/2003, do 30 de abril, pola que se modifican determinados anexos do citado Real decreto 2071/1993, de conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2071/1993.

Neste sentido, mediante esta orde, incorpóranse ó ordenamento xurídico interno a Directiva 2003/46/CE da Comisión, do 4 de xuño de 2003, pola que se modifica a Directiva 2001/32/CE no que atinxe a algunhas das zonas protexidas que están expostas a riscos fitosanitarios específicos na Comunidade, e a Directiva 2003/47/CE, da Comisión do 4 de xuño de 2003, pola que se modifican os anexos II, IV e V da Directiva 2000/29/CE do Consello relativa ás medidas de protección contra a introducción na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro.*

Os anexos II, IV e V do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, quedarán modificados de acordo co disposto no anexo desta orde.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó previsto nesta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de xuño de 2003.

ARIAS CAÑETE

ANEXO

1. O texto da columna da dereita do punto 5 da alínea a) da parte B do anexo II, substituirase polo seguinte: «EL, P (Os Azores)».

2. No texto da columna da esquerda do punto 34 da sección I da parte A do anexo IV suprimíranse as palabras «Chipe» e «Malta».